

A xornada *Emprender baixo a fórmula cooperativa* enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- Foméntase o espírito emprendedor a través da fórmula cooperativa.
- Préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



Inscrición:

A xornada ten carácter gratuíto.
Prazo de inscrición: ata o 04 de febreiro de 2015
Entregarase diploma de asistencia

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 55 80 08 ou en info@eusumo.coop

Máis información en

 981 558 008  info@eusumo.coop  www.eusumo.coop



Xornada EMPRENDER BAIXO A FÓRMULA COOPERATIVA

UNHA BOA OPCIÓN DE EMPRENDEMENTO



05 de febreiro de 2015
Xinzo de Limia (Ourense)

Concello Xinzo de Limia
Rúa Curros Enríquez, 15,
32630
Xinzo de Limia, Ourense



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Esta xornada pretende amosar as **vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa** como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais:

- Achegar o modelo cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Achegar aos participantes experiencias reais de cooperativas.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.



a quen vai dirixida?



Esta xornada pretende achegar o modelo empresarial cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.

_10:15 h **Benvida e presentación da Rede Eusumo e da OFC Agrupación de A Limia**

Presentación a cargo da coordinación técnica da Rede Eusumo e de Rosa Ferreiro Técnica da OFC A Limia.

_10:30 h **Vós tamén podedes ser emprendedores**

- ✓ Factores de éxito para emprender.
- ✓ Emprender en equipo ou individualmente, que che interesa máis.
- ✓ Como xerar ideas de negocio.

_11:15 h **Coñecendo a fórmula empresarial cooperativa**

- ✓ As cooperativas como modelo empresarial: Características e particularidades das cooperativas, entorno cooperativo, principios e valores cooperativos.
- ✓ Tipos de cooperativas: escolle a que mellor se adapta as vosas necesidades e expectativas.
- ✓ Diferenzas con outras fórmulas xurídicas.

_12:00 h **Dando os primeiros pasos para crear a vosa propia cooperativa**

- ✓ Por onde empezar.
- ✓ Satisfai a vosa idea algunha necesidade real.
- ✓ Hai xente disposta a pagar polo que ofreceades.
- ✓ Que precisades para crear a vosa cooperativa.

_12:30 h **Ferramentas e apoios existentes para o fomento do cooperativismo**

- ✓ Quen e como poden axudarche a crear unha cooperativa
- ✓ Como poderías aproveitar as subvencións e incentivos específicos para o fomento do cooperativismo

_13:00 h **Peche da xornada**

Formador: Daniel Diéguez Diéguez, Técnico de emprego da Rede Eusumo